



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA 9/2024 DO PLENO DO MÉRCORES 10 DE OUTUBRO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, ás 11:30 horas do mércores 10 de outubro de 2024 ten lugar a sesión Extraordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE, do Grupo municipal Alternativa dos Veciños de Carral, asistindo os/as concelleiros/as seguintes:

Alternativa dos Veciños

INMACULADA MANTIÑAN INSUA

ROCIO RABUÑAL BOUZAS

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BABEITO REY

CRISTINA CASAL DIZ

OSCAR BODELO GOMEZ

MARIA ISABEL LOPEZ PEREZ

Grupo Mixto:

PATRICIA BLANCO FIDALGO-Grupo Mixto (PSdG_PSOE)

Non adscrito:

FRANCISCO BELLO HERMIDA

Non asisten:

SUSANA GUIMAREY GARCIA-Xustifica a súa ausencia

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ-Xustifica a súa ausencia

NATALIA PATIÑO CAÑAS

Foron asistidos pola secretaria xeral, REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ. Asiste a interventora municipal NOEMÍ GONZALEZ MATO.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Comeza a celebración a continuación do pleno anterior , non respetando hora de convocatoria o que se advirte pola Secretaria , máis acordase manifestandose a favor todos/as os concelleiros/as o adianto na hora por estar todos presentes con excusada ausencia para ambos plenos as concelleiras non presentes do grupo municipal de Alternativa dos Veciños.

ORDE DO DÍA:

UNICO.- Debate e propostas de acordo para facilitar trámites de celebración das festas parroquiais.


Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Mouriño.

Intervén o Sr. Mouriño para dicir que as comisións de festas, este ano, atopáronse que á hora de solicitar os permisos para levar a cabo as festas das parroquias había que pagar unhas taxas, había que cumprimentar moita documentación e algúns dos integrantes das comisións de festas queixáronse a membros do grupo municipal do partido municipal.

Indica o Sr. Fernández que analizando a situación das comisións de festas primeiro, os integrantes delas, teñen que ter moita bontade para facer a comisión, esa comisión de festas traballa para facelo pasar ben aos veciños e veciñas en detrimento, moitas veces, deles mesmos que pasan horas e tempo pedindo polas casas, quedando no bochinche e alteran a súa vida cotiá para que os veciños e veciñas poidan desfrutar desas festas. Continua dicindo o Sr. José Luis que por todo isto os veciños e veciñas deberían de darlle as grazas pola súa labor e non só iso, darlle as grazas a esas comisións por alterar as súas vidas cotiás por atender aos veciños e veciñas e deixar de criticalos.

Manifesta o Sr. Fernández que como membro que foi dalgunhas comisións en diferentes parroquias o que fan as persoas que están nas comisións de festas é sacrificarse para que o resto dos veciños e veciñas o pasen ben e, entende o Sr. Mouriño que por suposto a xente das comisións de festas teñen dereito, despois de acabar as festas, a unha comida, unha cea ou o que eles e elas consideren oportuno porque o merecen por todo o traballo que levan feito.

Continua dicindo o Sr. Mouriño que o seu grupo pensa as comisións de festas teñen moito papeleo para facer, que aínda que, entende o partido popular que hai uns temas legais e que hai papeleo que se ten que facer, por exemplo unha memoria descritiva do que se vai facer por parte das comisións de festas, que ten que haber unha declaración responsable por parte do promotor, un seguro de responsabilidade civil e tamén deben de ter liberdade de elixir determinadas atraccións e como non, respetar os horarios, segundo a lei, de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

peche e temas sanitarios. Pero, insiste o Sr. Mouriño, o que aparece moito nas queixas das comisións é que dende o Concello se lles complica moito o seu traballo, primeiro que lle cobran as taxas por ocupación de dominio público, indica o Sr. Fernández que non entende como se lles acodou este ano ao equipo de goberno, imaxina o Sr. Fernández que non será con afán recaudatorio xa que pensa o Sr. Mouriño que esos cartos non van a levantar a economía do Concello, e o que tampouco está dacordo o Partido Popular é que as propias Comisións ou Asociacións teñan que traer ao Concello a documentación das atraccións, o normal, indica o Sr. Mouriño, é que sexa o Concello que se faga cargo desa documentación, tanto da pirotecnia como das atraccións, etc, cousas que non teñen que ver directamente coas comisións de festas. É dicir, continua o Sr. José Luis, a declaración responsable, o seguro de responsabilidade civil e a memoria que a presenten as Comisións e todo o demais os propios interesados.

O grupo municipal do Partido Popular, indica o Sr. Fernández, entende que dende o Concello se deben de dar todo tipo de facilidades ás Comisións e Asociacións de festas, se piden policía local que se organice para que vaia a policía local, se piden protección civil que se organicen para que protección civil se desprace onde a pidan e se piden a carpa municipal, salvo por prioridade de quen a pedira antes, no caso de coincidir dúas festas sería mais complicado, pero hai unha carpa do concello o normal e que se lles coloque e ao mesmo tempo que sexa o propio concello quen faga ese informe necesario para que cumpra todas as normas de seguridade e non sexa a propia comisión de festas cando a carpa non é deles. Redunda o Sr. Mouriño en que todo isto é necesario e debería ofrecérselle ás comisión de festas.

Continua o Sr. Mouriño dicindo que deberíase de ofrecer ás comisións de festas que con programa cultural da Deputación da Coruña, de ano para ano vanse elixindo que tipo de grupos poden vir a Carral e, indica o Sr Fernández, e en colaboración coa concellería de cultura do Concello de Carral e coordinados coas comisións de festas facilitarlles gaiteros, charangas, ou grupos musicais que o concello o que faría e pagar unha parte e o resto pagaríao a Deputación da Coruña e sería unha boa forma de facilitarlles a esas comisións de festas que tiveran unhas mellores festas.

Indica o Sr. Fernández que por suposto, toda a demais infraestrutura, como poderían ser por exemplo os contenedores xa se está a facer, pero facilitarlles a labor e non meterlles tanta burocracia como a que tiveron que facer as comisións de festas este ano.

Intervén o Sr. Alcalde para respostar que con respecto á burocracia que o Sr. Fernández dí o que se lles estivo solicitando ás comisións de festas foi declaración responsable por parte das comisións de festas como



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

aos que veñen coas atraccións. Indica o Sr. Alcalde que dende o concello ás comisións de festas se lles está dando todo o apoio para cumprimentar ese papeleo pero, continua o Sr. Alcalde o único que se lles solicitou foi o que o Sr. Fernández Mouriño dixo. O único novo que se fixo, indica o Sr. Alcalde é que a intervención municipal e a tesoureira indicaron que hai unha taxa creada dende 1999 e esta ordenanza nº 19 obriga a pagar unhas taxas e pagan 0,15 € por metro cuadrado, que continua o Sr. Alcalde dicindo que isto lle pode supor a unha comisión de festas 15 ou 20 € e continua o Sr. Alcalde dicindo que o que se vai a facer é suspender a taxa de dita ordenanza para ocupación de vía pública pero o resto é o mesmo que dixo o Sr. Mouriño. Continua o Sr. Alcalde dicindo que o concello non está pedindo ás comisións nada fora de lugar, todo o que dixo o Sr. Fernández é o que se lles está pedindo ás comisións, ao promotor e aos que traen as atraccións e axudaselles en todo dende o Concello, o único que hai a maiores é o cobro da taxa xa que a tesoureira dí que habendo unha ordenanza hai que cobrar non se pode saltar esta ordenanza.

Intervén o Sr. Fernández para explicar que o seu talante non é para reprochar nada ao Sr. Alcalde pero insiste o Sr. Mouriño que coas comisións de festas coas que el mesmo falou, que foron o 90 % xa que non a todas se lles aplicaron estas mesmas normas, manifestará o Sr. Alcalde se sí ou non, e o único que solicita o grupo municipal do partido popular é que simplifiquen os trámites, esa declaración responsable por parte do promotor, neste caso o presidente da comisión de festas, o seguro de responsabilidade civil, que por suposto terán que telo, e unha memoria descritiva dos días de festas, do que van a facer e unha relación do que van a pedir ao Concello, carpa ou non, etc.

Manifesta o Sr. José Luis que el sabe que a OCA da carpa municipal tiverona que pagar algunhas comisións de festas, aínda que a carpa é municipal.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que sí, que o concello deixa a carpa pero o concello non paga a OCA, cada comisión de festas paga a súa revisión, indica o Sr. Alcalde que o concello non pode pagar a OCA en cada parroquia que se coloca a carpa e manifesta o Sr. Alcalde que iso foi o que se cobrou a maiores da aplicación da ordenanza 19 e o único que se pode facer é suspender a ordenanza e no momento en que se suspenda esa ordenanza as comisións de festas non van a pagar nada do que é de ocupación de dominio público pero despois a revisión da OCA será competencia de cada comisión, o que non pode facer o Concello, manifesta o Sr. Alcalde, é responsabilizarse de que a carpa municipal esté ben montada ou non, dende o concello deixase a carpa, montase e a comisión de festas deberá pasar a OCA e serán responsables de se alí pasa algo non será responsable o Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua falando o Sr. Mouriño dicindo que el non rematara a súa intervención .

Indica o Sr. Alcalde que pode vir calquera presidente de comisión de festas e que diga si se lles pediu a un mais que a outros, iso é mentira. Intentarase suspender esta ordenanza, manifesta o Sr. Alcalde, pero isto leva un procedemento, uns trámites, e bonificarase ás comisións nun 100%. Insiste o Sr. Alcalde que se lles pediu unha memoria, un seguro de responsabilidade civil segundo a lei e unha declaración responsable e cando o titular do terreo non é público a Secretaría municipal indica que non se pode facer ningún tipo de actividade en terreos de uso privativo sen a correspondente autorización do titular dos terreos e, indica o Sr. Alcalde que isto se está a facer, e as comisións de festas non se están dando de conta que son responsables que si pasa algo nese terreo, dun terreo que non é municipal, claro que non se lles cobra taxa, indica o Sr. Alcalde, pero tamén teñen que asinar unha declaración conforme autorizan a facer actuacións nese terreo que non é legal. Continua dicindo o Sr. Alcalde que na parroquia de Paleo se están botando uns fogos artificiais nunha finca que é dun particular, e se lle pasa algo á persoa que bota os fogos que pasará. Ou en San Vicente, indica o Sr. Alcalde, hai un convenio pero o titular da finca é a Igrexa, é o Arzobispado, non sei ata que punto.... a secretaria municipal di que o titular da propiedade ten que asinar un documento conforme autorizan a realizar ese tipo de eventos.

Manifesta o Sr. Mouriño que lle está custando moito manter unha conversa normal e indica o Sr. Fernández que xa no pleno anterior tanto el mesmo coma o Sr. Alcalde se crisparon e solíciatlle ao Sr. Alcalde que

Indica o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández que concrete as cousas, que se deixe de dar mítines, que non está mal feito nada, é o que marca a lei, continua dicindo o Sr. Alcalde, a ningunha comisión de festas se lles pediu mais que lles corresponde, so se pediu o que marca a lei, única e exclusivamente.

Intervén o Sr. Mouriño para solicitarlle ao Sr. Alcalde que non lle interrumpa na súa exposición, indica o Sr. Fernández Mouriño que a OCA da carpa a terá que pagar quen a coloca, se o dono do tíovivo coloca o tíovivo terá que pagar a OCA o dono do tíovivo, se o que monta a carpa é o Concello, pregunta o Sr. Fernández, como se vai a facer responsable a comisión de festas, terá que ser o Concello que a deixe ben montada coa OCA correspondente, insiste o Sr. Mouriño en que non se lle cobre a OCA da carpa municipal ás comisión de festas.

Continua o Sr. Fernández dicindo que o que o Sr. Alcalde dí dos 0,15 € o seu grupo municipal fai unha proposta, xa que o Sr. Alcalde ten iniciado o trámite para derogar esa ordenanza, ou se ao mesmo tempo esa ordenanza hai que modificala, indica o Sr. Mouriño que alguén pode pensar que como era do ano 1999 que era cousa do Sr. Mouriño pero, manifesta o Sr. Fernández que non era cousa do Sr. Mouriño xa que naquel



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Entre o Sr. Mouriño estaba como concelleiro e era o Sr. Vales quen estaba de alcalde pero aínda así, explica o Sr. Fernández, esa ordenanza aprobouse por unanimidade xa que estaba indicada para actos en dominio público con ánimo de lucro, como pode ser unha empresa ou un circo que vai a cobrar entradas o normal era que se lles cobrara pero non ás comisións de festas que ademais son sen ánimo de lucro. Non entende o Sr. Fernández como se lle ocorre ao Sr. Alcalde, unha vez que hai o informe de tesoureiría, convocar un pleno e automaticamente derogar esa ordenanza e non crispas ás comisións de festas como estivo crispando.

Insiste o Sr. Fernandez nun tema que o Sr. Alcalde falaba hai un intre da comisión de festas de San Vicente, e indica que a comisión de festas de San Vicente poden utilizar aquelas fincas do Arzobispado xa que hai un convenio de 50 anos co Arzobispado no cal o concello ten a responsabilidade e o dereito de utilizar aquelas fincas como considere oportuno, ese convenio está asinado polo Arzobispo e co visto e prace do arcipreste da zona e está no concello e polo tanto ese terreo pódese utilizar como se considere oportuno, indica o Sr. Mouriño que non ten lóxica que se faga un parque infantil no terreo dos sacerdotes e que non se poida facer unha festa.

Continua dicindo o Sr. José Luis que o Sr. Alcalde non pode dicir que a finca onde botan os fogos a comisión de festas de Carral non é do Concello. Hai un convenio urbanístico no cal a cesión de uso de 8000 metros cuadrados ou 7000 m², non recorda exactamente o Sr. Mouriño os metros exactos, cesión de uso ao concello para o que considere oportuno, insiste o Sr. Mouriño que busquen ese convenio, aínda non está caducado.

Continua o Sr. Fernández dicindo que el á proposta viña en plan positivo e segue e indica cal é a proposta do grupo popular:

-Derogación da ordenanza, incluso con carácter retroactivo para devolverlle ás comisións de festas e asociacións de festas os cartos que se lles cobraron.

- As comisións de festas que teñan responsabilidade so e exclusivamente nesa memoria que presente, que atraccións van a estar nas festas, como se colocarán as atraccións e que teñan un seguro de responsabilidade civil e ao mesmo tempo unha declaración responsable por parte do promotor e a partir de aí, indica o Sr. Mouriño toda a tramitación que teñan que entregar no concello as comisións de festas sexa única e exclusivamente a que xa nomeou (seguro, memoria e declaración responsable), todo o demais que cada quen traía a súa documentación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

-Non cobren as taxas a partires de agora.

Pregunta o Sr. Fernández si se cobraron as taxas a todas as comisións de festas.

Resposta o Sr. Alcalde que tería que miralo ben en tesourería.

Pregunta o Sr. Mouriño que si son 0,15 € por metro cuadrado a comisión de festas de Carral canto foi o que pagou. Imaxina o Sr. Fernández que o Sr. Alcalde terá un ticket e insiste en saber canto pagou, xa que ocupou rúas, campo da feira, etc

Resposta o Sr. Alcalde que as rúas correspóndelles as actuacións e ocuparon rúas que non son do Concello, que son da Deputación. Tiñan que haber pedido permiso á Deputación a comisión de festas. Dende o Concello non se comprobou se tiñan o permiso da Deputación

Indica o Sr. Fernández en tono irónico “ajá, vale, vale,” insiste o Sr. Mouriño en saber se pagaron ao Concello. Reitera a pregunta o Sr. Mouriño de canto se lle cobrou á comisión de festas de Carral. Indica o Sr. Fernández que o Sr. Alcalde proporá ao Pleno a derogación da ordenanza con carácter retroactivo

Resposta o Sr. Alcalde que non o sabe, que tería que mirar. Non ten papeis cos tickets. Indica o Sr. Alcalde que propoñerá a suspensión da ordenanza no que se refire aos pagos das comisións de festas, e non sabe si poderá ser con carácter retroactivo, iso decidira o equipo técnico.

Poder pódese, indica o Sr. Mouriño, derogar e con carácter retroactivo. Imaxina o Sr. Mouriño que no próximo pleno levará o Sr. Alcalde a derogación ou suspensión/modificación xa que si ven unha empresa con ánimo de lucro e necesita uns terreos públicos é normal que se lles cobre.

Remata o Sr. Fernández dicindo que quere saber a qué comisións de festas se lles cobrou e canto se lles cobrou.

Indica o Sr. Alcalde que sí llo dirán pero sí é con carácter retroactivo e se lles devolve xa non fará falta darlle nada ao Sr. Mouriño pero o Sr. Alcalde non sabe si se pode ou non devolver.

Propón o Sr. Fernández que se faga neste ano e insiste nas obrigas das comisións de festas.

Remata o Sr. Fernández Mouriño insistindo en que o seu equipo só quere que as comisións de festas presenten o que xa dixo en varias ocasións e igualmente, xa que o Sr. Alcalde llo ofreceu, o Sr. Mouriño solicita sobre canto se lle cobrou a cada comisión de festas, como concelleiro indica o Sr. Mouriño ten todo o dereito a sabelo e o presenta por escrito ou se vale agora en voce.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Indica o Sr. Fernández que conste en acta a súa solicitude sobre que comisións de festas pediron para facer as festas e canto se lles cobrou a cada unha delas. Insiste o Sr. Mouriño nos seus dereitos.

O Sr. Alcalde indica que no próximo pleno meterá esta proposta no pleno de novembro.

O Sr. Alcalde concede a palabra ao Sr. Bello

Intervén o Sr. Bello para indicar que se esa ordenanza estaba ahí e os técnicos dixeron que había que cobrar, indica o Sr. Bello que houbo moito tempo para derogar esa ordenanza e non cobrar este ano tampouco. Manifesta o Sr. Hermida que non era un traballo tan laborioso nin había que haber pasado un mal trago coas comisións de festas.

Manifesta o Sr. Bello que a el lle chegou o rumor de que o Sr. Alcalde decidiu que as taxas de ocupación non se lle cobraban a todas as comisións, indica o Sr. Francisco que non sabe se é verdade ou non pero parécello moi grave ao Sr. Bello que non se lle cobre a todas as comisións de festas xa que se cobra, o normal, di o Sr. Bello, sería non cobrarlles a ningunha, a parte cantidades irrisorias pero se se fan este tipo de cousa crean malestar, aínda que sexan por 20 €.

Continua o Sr. Bello manifestando que en anos anteriores se asinaron varios convenios coas comisións para axudarlles e para este ano decidíuse que non habería convenios senón subvencións en concorrencia competitiva e decidíuse, non é moita a cantidade pero iso é o que é, hai no orzamento 20.000 € para estas entidades e pregunta o Sr. Bello cando van sacar estas subvencións xa que as bases estaban practicamente listas e preguntan as comisións se as van a sacar e cando.

Indica o Sr. Bello que como proposta a suspensión ou derogación da taxa.

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Patricia

Intervén a Sra. Blanco para dicir que no mes de maio ela xa comentou o cobro á comisión na festa do Boi, 250€ cobraron pola OCA da carpa e tivo que facerse cargo a comisión de festas e o grupo socialista pensa que as comisións de festas como calquera asociación, pero en concreto as comisións de festas deberían ter especial protección por parte do concello, deberíanas de mimar un pouco máis.

Continua a Sra. Fidalgo dicindo que do mesmo xeito, indica a Sra. Blanco que ten a instrucción con data proposta do 15 de maio de 2024 e sinala a Sra. Patricia que neste mesmo intre se podía aplicar a bonificación do 100% ás comisións, e se a tiñan que levar ao pleno dita derogación non habería ningún problema, ningún concelleiro ou concelleira se ía a opor a iso, e sinala a Sra. Blanco que extendería isto a calquera asociación sen ánimo de lucro que faga cousas en Carral, esa ordenanza é de 1999 insiste a Sra. Patricia pero se o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

primeiro día que o Sr. Alcalde, hai cinco anos a presentara nun pleno, ningún dos concelleiros ou concelleiras votaría en contra. Sí estaba na man do Sr. Alcalde traer isto a un pleno, continua a Sra. Blanco dicíndolle ao Sr. Alcalde que non bote balóns aos funcionarios xa que o fai moitas veces dicindo que os funcionarios son quen es toman as decisións, indicalle a Sra. Patricia ao Sr. Alcalde que non, os funcionarios asesoran e quen toman as decisións son os alcaldes e os concelleiros e concelleiras. Dí a Sra. Patricia que ela sempre mantén un tono conciliador con todos-

Intervén o Sr. Alcalde para dicírlle á Sra. Blanco que se relaxe.

Continua a Sra. Patricia preguntando se é ela a que se ten que relaxar, indica a Sra. Patricia que ela non faltou o respecto a ninguén e solicita o mesmo para ela. Insiste a Sra. Blanco que non se debería cobrar ningunha taxa ás comisión de festas xa que son asociacións/organizacións formadas por voluntarios que o único que pretenden é darlle vida ao pobo, se non hai festas so Socorro a Carral non ven ninguén, é por poñer un exemplo, e dí a Sra. Patricia que tanto a ela, como ao grupo popular e ao Sr. Bello lles chegou que á Comisión de festas de Carral non se lles cobrou, o cal lle parecería perfecto sempre e cando ao resto tampouco se lles cobrara. Todas as festas son importantes e por exemplo a festa do boi nas Travesas, é unha festa de veciños e veciñas moi pequena e a eles sí lles cobraron o dominio público e a oca da carpa e, insiste a Sra. Blanco para unha comisión como a das Travesas esos son moitos cartos se a comparamos co Socorro.

Indica a Sra. Patricia que ela leva moitos anos traballando en empresas de construción e se ela monta un andamio, alquilado, o dono do andamio ten tanta responsabilidade ou mais que o que o alquila, o concello como ten que ser responsable tería que ser o concello, e non estas entidades sen ánimo de lucro, o que se fixera cargo tanto da montaxe da carpa como do pago da OCA da carpa e todos os gastos que conleve.

Por outro lado, continua a Sra. Patricia, o que é a xestión administrativa o que dí o Sr. Mouriño é que cada atracción debería de traer a documentación ao concello e o promotor non ten porque estar xestionando a documentación de ningunha empresa con ánimo de lucro e o Sr. Alcalde non di a verdade cando dí que as comisións so teñen que traer o seu xa que insiste a Sra. Patricia que a ela lle chegou que houbo comisións que tiveron que traer a documentación de todas as atraccións que houbo na festa, indica a Sra. Fidalgo que isto sexa legal non significa que o Sr. Alcalde non poida facer doutro xeito, sí pode insiste a Sra. Blanco,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

pode poñer á disposición das comisións de festas mais medios humanos, pode poñer nesa ordenanza que o concello se fará cargo desa xestión administrativa, si pode facer algo...

Por último indicar que cando ela fala de comisión de festas tamén se refire a calquera asociación sen ánimo de lucro e isto debería constar na ordenanza, asociacións culturais, clubs deportivos, a carreira da BTT. É urxente revisar as ordenanzas municipais. Continua a Sra. Blanco dicindo que non lle parece correcto que en maio de 2024 se lles de instrucións ás comisións de festas a través dun decreto que fala dunha ordenanza de 1999, indica a Sra. Blanco que igual se había que actualizar un pouco.

Non habendo máis asuntos que tratar,o Sr. Alcalde-presidente levanta a sesión, sendo as 12 horas e 31 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

Secretaría Xeral, REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Alcaldía, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE